

D. Pablo Pérez Pérez, na súa condición de deputado do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta **MOCIÓN** para o seu debate en pleno, de acordo á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As deputacións provinciais, como gobernos locais intermedios, foron quen de impulsar desde o comezo da democracia a mellora xeral dos nosos municipios para desenvolver as súas competencias e prestar máis e mellores servizos.

Provincias e municipios, concellos e deputacións, integran unha mesma comunidade política local e comparten os mesmos intereses, onde non hai unha relación xerárquica, senón de paridade institucional.

Ao longo de todos estes anos, as deputacións veñen de garantir a permanente asistencia, cooperación xurídica, económica, técnica e de asesoramento aos municipios, facilitando o seu adecuado funcionamento, especialmente nas zonas rurais.

As deputacións fan un labor básico de coordinación e auxilio aos pequenos e medianos municipios, de prestación de servizos de primeira necesidade que non poderían proporcionar moitos municipios por sí sós. Nove de cada dez concellos en España abaratan o custo dos seus servizos a través das deputacións.

As deputacións provinciais son imprescindibles para dar cumprimento ao artigo 139 da Constitución, que garante que "todos os españoles teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado".

A supresión dos órganos provinciais convertería en cidadáns de segunda división a millóns de españoles que viven no medio rural -130.000 na provincia de Ourense-, na súa meirande parte en pequenos pobos, aos que non se lles poden negar os mesmos dereitos, oportunidades e obrigas que ao resto de cidadáns.

As deputacións provinciais son verdadeiras administracións territoriais con competencias propias e con autonomía para xestionar os seus intereses, tal e como recoñece a Constitución. Por eso son un elemento clave para a vertebración nacional, razón pola que a súa eliminación é unha pretensión constante das formacións políticas nacionalistas.

A súa supresión requiriría o traspaso das súas funcións a outras administracións públicas, en xeral máis alonxadas dos municipios, menos coñecedoras da realidade municipal e das necesidades de prestacións de servizos por parte dos concellos.

ACORDO:

- 1. Reivindicar o papel fundamental das deputacións, a quen constitucionalmente lles corresponde o Goberno e administración autónoma das provincias, como vertebradoras do territorio e cooperadoras cos concellos, mediante asistencia económica, técnica e xurídica.**

- 2. Continuar co proceso de modernización administrativa para gañar en eficiencia, contar cun Novo marco de financiamento e reformar a lei electoral para a elección directa dos integrantes da corporación provincial, reiterando o acordo unánime deste pleno do debate sobre o estado da provincia de 2014.**

Ourense, a 16 de marzo de 2016

Asdo.: D. Pablo Pérez Pérez